




A figura de Pereiro aca-  
parou boa parte das pu-  
blicacións das edito-  
riais galegas no 2011 |  
VARI CARAMÉS

## UNHA NOVIDOSA DIMENSIÓN

A única novela conserva-  
da do escritor monfortino,  
publicada un ano despois  
da súa morte na revista  
*Luzes de Galiza*, descrita  
con tino por X. M. Perei-  
ro, autor do limiar desta  
edición, como «quizais  
inacabada, pero non in-  
completa», resulta aínda  
un texto extraordinariamente suxectivo  
por actual e por situarse nunha dimensión  
narrativa novidosa, inequivocamente rup-  
turista e ben pouco convencional.

Indisolublemente vinculada coa estética



### NOVELA «Náufragos do paradiso»

Lois Pereiro.  
Editorial  
Galaxia, 108  
páxinas. 11  
euros. \*\*\*

literaria pola que Lois Pe-  
reiro transitou, que pode  
resultar máis visible e  
próxima na súa expresión  
poética, nela transítase  
pola reacción dun grupo  
de personaxes diante da  
soidade, a dor, a morte, a  
violencia ou o sufrimento.

Todos estes personaxes

están inseridos nun recorrente espazo  
claustrofóbico, angustiante, irreal e cos  
contornos e as fronteiras esvaecidas para  
chegar e logo fuxir como sombras agónicas  
de si mesmos.

## ESPÍRITO REBELDE



### ENSAIO «Modesta proposición e outros ensaios»

Lois Pereiro.  
Edicións  
Xerais. 88  
páxinas. 12  
euros. \*\*\*

Moitos textos en  
prosa de carácter  
ensaístico de Lois  
Pereiro, que descan-  
saban nas páxinas de  
revistas como *La Na-  
val*, *Luzes de Galiza*  
ou *Dorna*, editáronse  
aquí, a carón dalgúns  
inéditos, un guión te-  
levisivo e mais unha  
entrevista realizada

no seu día por Manuel Rivas. Vinculouse o primeiro dos  
textos aquí compilado co célebre manifesto de Stéphane  
Hessel e, sen dúbida o espírito rebelde e combativo dun  
e doutro é común, máis o libro é tamén operativo para  
desvelar as claves da súa poesía e da súa estética.

## AS IMAXES E OS SONS



### «Foto- biografía sonora»

Ouvirmos, 174  
páxs. + 2 CD,  
44 euros.  
\*\*\*

Case 150 imaxes do álbum per-  
soal de Lois Pereiro protago-  
nizan este libro que, ademais,  
ofrece documentos sonoros  
como a entrevista realizada  
por Ana Romaní para o *Diario  
Cultural* no ano 96. Con textos  
de Xosé Manuel Pereiro, Lino  
Braxe e Xurxo Souto, o volume  
complétase con poemas de Pe-  
reiro aos que poñen son distin-  
tos músicos do país.

## O ESTUDO INTEGRAL

Subtitulado *Viaxe á xeografía  
lírica de Lois Pereiro*, J. L. Cal-  
vo e C. Gegúndez subscriben  
un estudo de carácter integral  
e moi documentado, que parte  
da convicción da orixinalidade  
da escrita pereiriana, baixo o  
obxectivo, a través do enfoque  
da socioloxía da literatura, de  
contribuír a desvelar con argu-  
mentos aquela singularidade e  
realizar así unha lectura emocio-  
nal e, ao tempo, interpretativa.  
Combinando a transmisión de  
experiencias lectoras xunto coa  
revisión de asuntos de carácter  
vital, xeracional ou contextual,  
saliéntanse algunhas claves  
da traxectoria literaria como a



### ENSAIO «Lois Pereiro. O leite negro da aurora»

J. L. Calvo e C.  
Gegúndez.  
Toxosoutos,  
200 páxinas,  
14 euros. \*\*\*

marxinalidade na que habitou,  
o seu romanticismo poético, a  
liberdade creativa absoluta ou  
as raigames universalistas en-  
tre outras. O volume complé-  
tase cun feixe de composicións  
en honra a Pereiro de Marica  
Campo, Manuel Rivas ou Xulio  
Valcárcel entre outros.

## O DICCIONARIO


Non faltou tampouco  
á súa cita o Diccio-  
nario Lois Pereiro, in-  
tegrado na serie que  
a editora tresCtres  
vén dedicando, des-  
de hai anos, á figura  
homenaxeada no  
Día das Letras. Polas  
súas páxinas circula  
un atinado exercicio  
de información e in-  
terpretación, articulado baixo as entradas denominadas  
«autor», «creación», «imaxes», «obras», «recoleita», e  
dous apartados ideados para desenvolver en espazos  
docentes como son «recursos» e «sinopse». Destaca  
aquí a avisada análise vertida no epígrafe «creación»,  
onde sobrevoa a intención de modificar algúns lugares  
comúns que perviven na valoración da súa obra poética.



### DICCIONARIO «Diccionario Lois Pereiro»

(Limiar de X. L.  
Méndez Ferrín).  
M.ª Xesús  
Nogueira.  
tresCtres, 145  
páxinas, 11  
euros. \*\*\*

## CARTOGRAFÍA ANALÍTICA



### ENSAIO «Radiografía do abismo»

Antón Patiño.  
Espiral Maior,  
200 páxs., 14  
euros. \*\*\*

Primeira cartografía analítica  
entre as dedicadas ao escritor  
monfortino da man dun compa-  
ñeiro xeracional e amigo como é  
o pintor Antón Patiño. O traba-  
llo amosa un enfoque ben pouco  
convencional presentando unha  
filiación claramente transversal  
e acumulativa, agromando des-  
de un espírito de devoción nada  
oculta, pero ao tempo contida.  
Alén do manexo dunha docu-  
mentación case enciclopédica  
tamén se advirte o tratamen-  
to directo que Patiño mantivo  
co autor e a lectura profunda e  
atenta realizada da obra literaria  
deste último.

## VISIÓN PRECISA E RIGOROSA

A profesora e investigadora  
Mercedes Queixas internouse  
igualmente no ámbito do ensaio  
de corte divulgativo, facilitando  
deste xeito o acceso a un tex-  
to moi proveitoso para obter  
unha visión global, precisa e ri-  
gorosa, da traxectoria literaria  
e do perfil biográfico de Lois  
Pereiro. Servíndose, como ba-

lizas orientadoras, dos espazos  
físicos polos que a decorreu a  
vida de Pereiro (O Incio, Mon-  
forte, Madrid, A Coruña...), o  
libro complétase cunha xenero-  
sa mostra textual do autor que,  
deste xeito, ofrece unha afor-  
tunada e madura «cartografía»,  
persoal e literaria, do autor de  
*Conversa ultramarina*.



### ENSAIO «Lois Pereiro. A urxencia poética dun futuro alleo»

Mercedes  
Queixas.  
Laiovento, 87  
páxinas. 12  
euros. \*\*\*

O libro ofrece  
unha  
afortunada e  
madura  
«cartografía»  
do autor de  
«Conversa  
ultramarina»